



### XUNTA DE GALICIA

#### DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

##### Anuncio

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27100402012025

Vista o texto do convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, acordado na mesa xeral de negociación de data 17 de decembro de 2024 e aprobado polo pleno do Consorcio Provincial de Lugo, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 5 de febreiro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

#### **I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

##### **CAPÍTULO I. Ámbito de aplicación**

###### **Artigo 1. Partes asinantes.**

Son partes asinantes do presente convenio colectivo, por unha parte, a representación sindical por medio dos representantes dos traballadores/as e pola outra a Presidencia do Consorcio en representación deste.

###### **Artigo 2. Ámbito funcional.**

Este convenio é de aplicación ao servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento que se presta a través dos parques de Bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante o Consorcio).

###### **Artigo 3. Ámbito persoal**

Este convenio colectivo regula as condicións laborais de todas as persoas traballadoras, calquera sexa a súa forma de relación laboral, que presten servizos operativos de prevención, extinción de incendios e salvamento nos parques de bombeiros dependentes do Consorcio.

###### **Artigo 4.- Ámbito de vixencia temporal e denuncia do Convenio.**

- 1.- Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- 2.- Será presentado ante a autoridade laboral competente a efectos do pertinente rexistro e depósito, así como a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia ( BOP) e no Diario Oficial de Galicia (DOG).
- 3.-A vixencia deste convenio finalizará o 31 de decembro de 2029, pero prorrogarase automaticamente a non ser que se produza a denuncia do mesmo.
- 4.- O convenio poderá ser denunciado, por calquera das partes asinantes, nos tres últimos meses de vixencia; en tal caso, a comisión negociadora deberá reunirse dentro dos 20 días seguintes ao da denuncia. Para que a

denuncia teña efecto terá que ser comunicada por escrito á outra parte e debidamente rexistrada ante a autoridade laboral.

#### **Artigo 5. Absorción, compensación e vinculación á totalidade das condicións máis beneficiosas.**

- 1.- Este convenio, que se aproba en consideración á integridade do negociado no conxunto do seu texto, forma un todo relacionado e inseparable.
- 2.- As condicións pactadas serán consideradas global e individualmente, pero sempre con referencia a cada persoa traballadora na súa respectiva categoría e/ou posto.
- 3.- As condicións de toda índole pactadas neste convenio, forman un todo orgánico e substituirán, compensarán e absorberán no cómputo anual e global a tódalas xa existentes, calquera que sexa a súa natureza, o seu orixe e a súa denominación.

### **CAPÍTULO II. Comisión Paritaria**

#### **Artigo 6. Comisión Paritaria.**

1.- Para examinar e resolver cantas cuestións se deriven da interpretación, vixilancia e aplicación deste convenio, creárase unha Comisión Paritaria que deberá quedar constituída formalmente aos 20 días da sinatura do convenio, na que se designará un presidente e un secretario. A comisión estará composta, como máximo, por tres representantes do Consorcio e tres representantes dos traballadores/as afectados polo mesmo.

2.- A Comisión Paritaria terá as seguintes funcións:

- a. A aplicación e interpretación da totalidade do articulado ou cláusulas do convenio.
- b. A vixilancia do pactado.
- c. A resolución de cantos asuntos e reclamacións se sometan á súa decisión con respecto a calquera das condicións establecidas neste Convenio .

3.- A Comisión Paritaria reunirse semestralmente ou a instancia de parte. O Presidente convocará a reunión nun prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a recepción da petición. A reunión celebrarase nun prazo máximo de 10 días hábiles. Non se convocará unha nova reunión antes de 3 meses respecto da anterior, salvo que se dean circunstancias de especial urxencia.

4.-Para a válida constitución da Comisión Paritaria e adopción de acordos, con carácter vinculante, esixirase o réxime de maiorías establecido no artigo 89.3 do Estatuto dos Traballadores (en diante, E.T.).

As discrepancias producidas no seo da Comisión Paritaria someteranse ao procedemento de conciliación e mediación establecido no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudicial de solución de conflitos de traballo.

5. Normas de funcionamento:

- a. O secretario será o encargado de levantar acta de todas as reunións que celebre esta Comisión, que deberá remitir aos asistentes nun prazo máximo de 15 días. Durante o prazo de 10 días poderanse formular as alegacións ou observacións que se estimen oportunas. A acta someterase para a súa aprobación na vindeira sesión da Comisión; resolvéndose, no seu caso, as alegacións presentadas.
- b. A acta conterá a relación de asistentes, orde do día, data e hora de comezo e finalización da reunión, acordos adoptados, resultado das votacións, incidencias destacables, e todo aquilo que algún membro solicite que conste no acta.

Unha vez aprobada a acta será asinada polo secretario co visto e prace do Presidente.

- c. Das actas das reunións entregarase copia a todos os membros do Comité e unha copia será exposta no taboleiro de anuncios.
- d. O secretario encargarse de levar a o día e custodiar o libro de actas.

6.- Se fose necesario, poderase contar co asesoramento técnico preciso, tanto por parte do consorcio como dos representantes dos/as traballadores/as. Para isto, os representantes da Administración e os membros do Comité de Empresa poderán designar na Comisión Paritaria como máximo un asesor por cada parte. Este asesoramento non dará lugar a crédito horario.

7.- Os representantes dos traballadores que participen na Comisión Paritaria terán dereito á unha compensación máxima de 8 horas por cada unha das xuntanzas que realice dito órgano, incluíndo o tempo que se empregue nas reunións preparatorias, así como o invertido nos desprazamentos.

Estas horas serán compensadas en tempo, cando a súa libranza non supoña reducir os servizos mínimos no centro de traballo do representante, dentro do correspondente ano natural, podendo acumularse. Non obstante, si as xuntanzas se celebran no mes de decembro estas horas poderán ser compensadas no mes de xaneiro do ano seguinte.

Este tempo non poderá deducirse do crédito horario sindical que lle é propio aos delegados.

Esta compensación horaria será comunicada ao Xefe da parque coa debida antelación, para os efectos de compaxinar coas necesidades do servizo e non causar prexuízo na xestión ordinaria.

8.- Priorizarase a celebración telemática das reunións da Comisión Paritaria. De non resultar posible a celebración ou participación por medios telemáticos, os/as representes dos/as traballadores/as terán dereito a percepción da correspondente indemnización por gastos de desprazamento, nos termos do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns do servizo, desde o parque de bombeiros ao que o representante este adscrito ao lugar da reunión.

### **CAPÍTULO III. Organización do traballo**

#### **Artigo 7. Principios xerais.**

A organización do traballo é facultade exclusiva do Consorcio, que a fará efectiva a través dos seus órganos competentes, sen prexuízo dos dereitos e facultades recoñecidas aos traballadores/as e aos seus representantes legais no E.T. e na Lei 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical e demais disposicións legais.

#### **Artigo 8. Clasificación profesional. Grupos profesionais.**

O sistema de clasificación que se contempla neste convenio estruturase en grupos profesionais conforme á Relación de Postos de Traballo.

Establécense os seguintes grupos profesionais:

##### **1.- Grupo I: Mandos.**

Refírese aos postos de traballo que, esixindo un adecuado nivel de aptitude profesional, requiren o exercicio normal e habitual dunha función de mando e especial responsabilidade técnica ou xerárquica sobre a actuación doutros postos de traballo, e cuxo cometido principal é a prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento.

Este Grupo I subdivídese nas seguintes categorías de mandos:

1. Sarxento/Xefe de parque-condutor/-a.
2. Cabo/Xefes de quenda-condutor/-a.

##### **2.- Grupo II: Bombeiro/a condutor/a**

Son os demais postos de traballo que teñen como cometido principal a prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento e non están incluídos no Grupo I.

Ao Grupo II correspóndelle unicamente unha categoría:

1. Bombeiro-condutor/-a (en diante, bombeiro).

#### **Artigo 9. Funcións**

As funcións de cada categoría quedan definidas na Relación de Postos de Traballo do persoal do Consorcio, como instrumento técnico de planificación e ordenación dos recursos humanos.

#### **Artigo 10.- Dotacións mínimas de persoal por quenda.**

1. A dotación de traballo para os parques de bombeiros será de tres (3) efectivos por quenda.
2. No prazo de 9 meses, a partir da entrada en vigor deste convenio, promoverase a elaboración de procedementos de traballo conforme as medidas de seguridade que establece a lexislación vixente, e que establecerán os novos mínimos por quenda.

Unha vez elaborados os procedementos de traballo, atenderase ás dotacións mínimas que ditos procedementos recollan.

### **CAPÍTULO IV. Acceso, Mobilidade e Promoción**

#### **Artigo 11.- Selección de persoal**

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto de Oferta de Emprego Público, mediante procedementos nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade e transparencia.

2. O sistema aplicable á selección do persoal laboral fixo que preste servizos operativos de prevención, extinción de incendios e salvamento será o oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas pola lexislación que resulte de aplicación.

3. Será obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación os criterios xerais sobre ofertas de emprego e os criterios xerais en materia de acceso e provisión.

#### **Artigo 12.- Toma de posesión e período de proba.**

1. Rematado o correspondente proceso de selección o persoal nomeado fixo do Consorcio e adxudicatario dos seus respectivos postos de traballo disporá do prazo dun mes para formalizar o contrato de traballo e tomar posesión do seu destino.

2. Os modelos de contrato axustaranse á lexislación vixente.

3. O período de proba será de dous meses. Durante o período de proba o/a traballador/a terá os mesmos dereitos e obrigas que o persoal laboral fixo do cadro de persoal da súa mesma categoría profesional, agás os derivados da resolución da relación laboral, que se poderá producir por petición de calquera das partes durante o seu transcurso. As situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación, violencia de xénero que afecten a persoa traballadora durante este período, interrompen o cómputo do mesmo.

En caso de que non se supere o período de proba a Administración notificarallo ó/á traballador/a por escrito motivado, dando coñecemento ao Comité de Empresa. A rescisión durante este período non dará dereito a indemnización ningunha.

Transcorrido o período de proba sen que se teña producido o desistimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados a efectos da antigüidade.

#### **Artigo 13.- Bolsas de Traballo.**

Poderán crearse bolsas de traballo temporal ben a partir de procesos de selección de persoal laboral fixo do ámbito deste convenio e da mesma clasificación profesional, ben mediante convocatoria pública ao efecto. Neste último suposto, poderanse realizar convocatorias cando as existentes non contén cun número suficiente de candidatos/as ou porque non existan bolsas para unha determinada categoría. Este tipo de bolsas poderán ser subsidiarias ás que existan para poder contar cun maior número de candidatos.

Os procedementos de selección das bolsas de traballo temporal serán negociados coa Mesa Xeral de negociación, establecendo uns criterios xerais validos para calquera necesidade de persoal.

A efectos de negociación, publicidade e desenvolvemento das bases para os procesos selectivos das bolsas de traballo, estarase ao disposto na normativa vixente.

A contratación a través deste procedemento realizarase segundo o orde de prelación establecido en función da puntuación obtida no proceso de selección.

#### **Artigo 14.- Mobilidade funcional.**

A mobilidade funcional do persoal garantirá un servizo racional e acorde coa súa labor de intervención en emerxencias. Para iso establécense seguintes particularidades:

1.- A mobilidade funcional respectará en todo caso o previsto no artigo 39 do E.T.

Non obstante, a encomenda de funcións superiores ás do grupo profesional ou categoría nunca xerará ningún dereito de reclamación sobre a devandita categoría, sen prexuízo de reclamar a diferenza salarial correspondente, durante o desempeño das mesmas.

2.- A administración regulará os procedementos a través dos cales se articulará esta mobilidade en base aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

#### **Artigo 15.- Mobilidade xeográfica**

A mobilidade xeográfica respectará en todo caso o previsto nos artigos 40 e 41 do E.T.

A compensación por traslado comprenderá, tanto os gastos propios como os dos familiares ao seu cargo que efectivamente se trasladen, e será dunha mensuralidade.

#### **Artigo 16.- Mobilidade entre parques.**

Con independencia do establecido polo E.T. no seu artigo 40, non terá a consideración de mobilidade xeográfica o feito de que o Consorcio asigne a un traballador, de forma puntual e non continuada, a realización da seu garda nun centro diferente ao propio, para cubrir a ausencia doutro empregado ou calquera outra necesidade que estime a dirección, sempre que estea relacionado co servizo.

Para que se produza esta mobilidade entre parques terán que darse as seguintes premisas:

- Que o traballador estea a prestar servizos na súa quenda de traballo fixado no calendario laboral.
- O Consorcio aplicará criterios racionais para decidir que traballador mobilizará, salvo que exista voluntariedade por parte dalgún empregado.

- O Consorcio conta con total liberdade organizativa para dotar ao traballador dun medio de transporte ou compensarlle economicamente polos gastos de desprazamento, en función da quilometraxe que se retribuirá de conformidade co establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo ou normativa que o substitúa.
- O comezo e o fin da xornada do traballador mobilizado será no seu centro de traballo habitual.

O Consorcio disporá das ferramentas necesarias para poder cubrir as ausencias coñecidas (baixas laborais, permisos, etc.) coa antelación necesaria para non ter que usar esta medida co fin de non reducir as quendas de outros parques para dar cobertura á necesidade de cubrir os servizos mínimos correspondentes en cada parque, quedando así esta medida como última alternativa utilizada para dar cobertura a este tipo de ausencias imprevistas.

A táboa de quilómetros e tempos se inclúe no anexo II.

### **Artigo 17.- Concurso de traslados**

1. O concurso de traslados é o procedemento ordinario de provisión de postos de traballo vacantes mediante mobilidade do persoal laboral fixo que preste servizos operativos de prevención, extinción de incendios e salvamento, que consiste na súa adxudicación previa valoración dos méritos das persoas participantes.

2. Os postos a convocar serán aqueles postos de traballo vacantes, de necesaria provisión e dotados orzamentariamente, excepto os que non se estime conveniente incluír por necesidades organizativas. Ademais, non serán obxecto de convocatoria os postos que estean suxeitos a reserva ou estean incluídos noutros procedementos de selección ou provisión.

3. A periodicidade destas convocatorias, si se dan as condicións sinaladas no punto anterior, será cada dous anos e nas mesmas garantirase o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os de publicidade e transparencia. A provisión de postos de traballo mediante este sistema realizarase logo de convocatoria pública na que, entre outros extremos, se fará constar:

- Vacantes que se oferten e requisitos para o seu desenvolvemento.
- Baremo de méritos aplicable a cada convocatoria que se negociará na Mesa Xeral de Negociación.
- Requisitos que deben reunir os/as interesados/as.
- Prazos de presentación de instancias.

En todo caso, nestes concursos poderá participar o persoal laboral fixo incluído no ámbito de aplicación deste convenio, sempre que cumpran tanto os requisitos da convocatoria e os específicos dos postos de traballo obxecto da convocatoria, como os derivados da aplicación do presente convenio.

4. Para poder participar no concurso de traslados o persoal laboral fixo interesado deberá ter permanecido no último posto obtido con carácter definitivo un mínimo de dous anos.

Terán carácter definitivo aos efectos de participación neste concurso os destinos obtidos trala:

- superación do correspondente proceso selectivo, computando desde a data da formalización do contrato
- subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, computando desde a data do acordo plenario.
- resolución que motivou o anterior traslado derivado de concurso, computado dende a data da resolución.

### **Artigo 18.- Promoción interna.**

1.- A promoción interna, parte fundamental da promoción profesional, supón a posibilidade que teñen os/as traballadores/as que cumpran os requisitos para ascender desde una categoría inferior a unha superior tras superar as probas establecidas ao efecto, mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os de publicidade e transparencia.

2.- En todo caso, nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á condición de persoal laboral fixo regulado neste convenio, o Consorcio comprométese a reservar para promoción interna o número máximo de prazas que permita a normativa vixente .

3. Para poder participar nos procedementos de promoción interna os interesado deberán cumprir os requisitos esixidos pola lexislación vixente.

4. As vacantes non cubertas por esta quenda acumularanse á quenda de acceso libre.

### **Artigo 19.- Permutas.**

1. Poden autorizarse permutas de postos de traballo entre persoal da mesma categoría dos distintos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio, sempre que concorran estas circunstancias:

a) Que as persoas que pretendan permutar teñan prestado un mínimo dun ano de servizos efectivos como persoal laboral fixo do Consorcio, computando dende a data da formalización do contrato ou do acordo plenario da declaración de cambio de cualificación xurídica da natureza da relación laboral do persoal que foi subrogado como fixo.

b) Que as persoas que pretenden a permuta lles falten máis dun ano para cumprir a idade de xubilación.

2. As permutas de postos de traballo contempladas neste artigo autorizaranse polo órgano que ostenta a xefatura de persoal, previo informe da xefatura de parque e da Xerencia.

3. O persoal ao que lle fose autorizada unha permuta de postos de traballo quedará sometido ao seguinte réxime:

a) Deberán permanecer no posto permutado obtido por permuta un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

b) No prazo de cinco anos a partir da autorización da permuta non se autorizará outra a ningunha das persoas interesadas.

4. O consorcio regulará os procedementos a través dos cales se articulará estas permutas en base aos principios de publicidade e igualdade.

## **CAPÍTULO V. Xornada e horario de traballo**

### **Artigo 20.- Xornada e horarios.**

1. A xornada ordinaria de traballo para as categorías de bombeiro, xefes de quenda e xefe de parque será de 1.642 horas anuais, repartidas ao longo do ano natural do seguinte xeito:

- Para tódalas categorías: 34 horas para formación obrigatoria que poderán fraccionarse en 4 xornadas de 8 horas e 30 minutos.
- Para xefes de quenda/cabos e bombeiros: 67 gardas presenciais de 24 horas non fraccionables, en horario de 9:00 horas a 9:00 horas do día seguinte.
- Para xefes de parque/sarxentos: Xornada ordinaria presencial de luns a venres de 8:30 a 13:30 horas e como máximo 2.600 horas en réxime non presencial, recollidas no cadrante, cunha equivalencia de 6,5 horas por cada hora presencial.

O Consorcio elaborará o seu calendario.

2. Na primeira quincena do mes de novembro do ano anterior confeccionarase o correspondente cuadrante horario de quendas anual, o cal será consultado cos traballadores/as para a súa valoración durante a segunda quincena do mes de novembro. O cuadrante definitivo publicarase durante a primeira quincena do mes de decembro do ano anterior. Unha vez publicado, considerarase como definitivo a todos os efectos. O cuadrante de xefes de quenda e bombeiros/as contemplará a distribución de 1.608 horas anuais para cada traballador conforme ao recollido no apartado primeiro deste artigo.

### **Artigo 21.- Pacto de distribución irregular da xornada.**

Cun aviso mínimo de 5 días de antelación será de obrigado cumprimento para o traballador as seguintes modificacións da xornada:

- Ano 2.025.- Tres (3) xornadas de traballo completas, non fraccionables, nos días que determine o consorcio.
- Ano 2.026.- Dúas (2) xornadas completas, non fraccionables, de traballo.
- Ano 2.027.- Unha (1) xornada completa, non fraccionable.
- Ano 2.028.- Perderá vixencia este pacto non podendo aplicarse esta modalidade de Distribución Irregular da Xornada.

Estas xornadas dedicaranse para reforzar as quendas de traballo dos parques e nunca para completar as dotacións mínimas establecidas do cadrante inicial do ano en curso.

A distribución irregular da xornada contemplada neste artigo en ningún caso será utilizada para a cobertura sistemática de ausencias e necesidades estruturais do servizo, tales como baixas laborais de longa duración, permisos e licenzas.

### **Artigo 22.- Cambios de quenda.**

1.- Os traballadores/as poderán, solicitar o que se ven denominando "cambios de quenda", no que un traballador acorda con outro o intercambio das quendas completas, debéndose respectar en todo caso a lexislación vixente en canto a tempos de traballo e descansos e cumprirse as seguintes premisas:

- a. Non se poderán dobrar quendas.
- b. Os cambios de quenda serán por xornadas completas.
- c. No formulario de rexistro de cambio de quenda reflectiranse as datas e horas de cambio e de devolución, así como identificarase aos traballadores/as implicados. No caso de que non se coñeza a data e/ou horas de devolución, rexistrarse sempre como “pendente de devolución”, debendo materializarse a devolución sempre dentro do mesmo ano natural.
- d. A comunicación do cambio de quenda farase a través do procedemento que estableza o Consorcio. Entenderase autorizado salvo causas xustificadas e motivadas debendo contar co visto bo do xefe de parque.
- e. Os cambios de quenda serán sempre entre o persoal da mesma categoría.

Tamén será posible o cambio de quenda nos seguintes supostos:

- Entre xefe de quenda e bombeiro ando o xefe de quenda actúe na garda como bombeiro-condutor
- Entre xefe de quenda e bombeiro, sempre e cando o bombeiro tivera asignadas funcións de superior categoría con anterioridade, para esa quenda.

2.- Os cambios de quenda deberán quedar regularizados (compensados) a data 31 de decembro de cada ano, salvo pacto entre Consorcio e traballador, debendo neste suposto compensarse nos primeiros 15 días do ano seguinte.

#### **Artigo 23.- Control horario.**

O cumprimento da xornada e horario de traballo verificarase mediante os mecanismos de control que o Consorcio implante nos diferentes centros de traballo.

#### **Artigo 24.- Vacacións.**

1.- No tocante a vacacións anuais cumprirse como mínimo o establecido no artigo 38 do E.T.

2.- As vacacións serán solicitadas na primeira quincena do mes de novembro para poder integralas no cuadrante anual do ano seguinte conforme a recollido no artigo 20.2 deste convenio.

Todos os traballadores teñen dereito a 30 días de vacacións ao ano, en dous períodos de 15 días. En todo caso, os días de vacacións solicitados por cada traballador deberán figurar nos cuadrantes anuais, a efectos de coñecer os días exactos de desfrute vacacional de cada empregado.

3.- Poderanse realizar cambios de vacacións entre os traballadores unha vez iniciado o ano natural, para unha mesma categoría e centro de traballo mediante acordo por escrito entre ambos, e a condición de que non modifique o cuadrante de quendas e que se cumpran as mesmas premisas que para a elección de vacacións e no computo de horas anual.

4.- A distribución das vacacións axustarase ao seguinte:

- a) Ao confeccionar o cuadrante anual non se adxudicará quenda de garda na xornada previa ao comezo do período de vacacións.
- b) Non poderán coincidir dous ou máis xefes de quenda en períodos vacacionais por parque.
- c) Non poderán coincidir tres ou máis bombeiros/as en períodos vacacionais por parque.

Cando as situacións de nacemento, coidado de menor, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o goce das vacacións dentro do ano natural ao que correspondan ou, unha vez iniciado o período vacacional, sobreviñese unha das devanditas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que terminase o ano natural ao que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezaoto meses a partir do final do ano en que se orixinaron.

### **CAPÍTULO VI. Condicións económicas**

#### **Artigo 25.- Estrutura do salario.**

1. A estrutura retributiva do persoal acollido a este convenio queda asimilada á estrutura retributiva do persoal funcionario nos termos da lexislación vixente e será retribuído polos conceptos e contías reflectidas na Relación de Postos de Traballo do Consorcio en concordancia coas respectivas leis de Orzamentos Xerais do Estado; estando constituídas por:

Retribucións básicas:

- a) Soldo, que corresponde ao índice de proporcionalidade asignado a cada categoría profesional.
- b) Trienios, consiste nunha cantidade igual para cada categoría, por cada tres anos de servizos como empregado público, nos termos da lexislación vixente en canto ao recoñecemento de servizos nas AAPP.

c) Pagas extraordinarias, que serán de dúas ao ano, unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, e que se devengarán de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1988. Cada unha de ditas pagas incluírá as contías de soldo e trienios fixados de acordo coa correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado e do complemento de destino mensual que se perciba.

Retribucións complementarias:

a) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto que se desenvolva.

b) O complemento específico, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención a súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais das que doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

2. En todo caso, durante a vixencia deste convenio os conceptos retributivos e as contías das retribucións básicas e complementarias sinaladas serán as que determinen as respectivas leis de Orzamentos Xerais do Estado ou lexislación concordante.

3. O pago do salario efectuarase antes do último día hábil de cada mes. O Consorcio fará efectivo o pago de haberes por transferencia bancaria.

O traballador recibirá copia da nómina, en modelo oficial ou modelo autorizado, no que se recollerán integramente a totalidade das cantidades devengadas e os descontos legais que teñan lugar.

#### **Artigo 26.- Complemento persoal transitorio.**

Para garantir os dereitos económicos adquiridos en concepto de antigüidade do persoal subrogado polo Consorcio, en virtude do acordo do Pleno do Consorcio de data 23 de maio de 2024, e que resultan afectados pola nova estrutura retributiva regulada no presente convenio, establécese un complemento persoal transitorio na contía que cada traballador viña percibindo por este concepto a data da entrada en vigor deste convenio.

O tempo sobranse desde o cumprimento do último trienio considerado neste complemento será computado para os efectos do cumprimento de trienio, nos termos definidos no artigo precedente.

#### **Artigo 27.- Horas extraordinarias.**

1.- Terán carácter de horas extraordinarias aquelas que se realicen por encima da xornada laboral ordinaria, realizándose única e exclusivamente cando sexan imprescindibles para o bo funcionamento dos servizos.

2.- Poderán realizarse horas extraordinarias por algún dos seguintes motivos:

a. Horas non estruturais. Enténdese por horas non estruturais aquelas destinadas a realizar reforzos de cadro de persoal para atender reforzos fóra de parque. A realización destas horas ten carácter voluntario.

b. Horas de forza maior. Terán esta consideración as que veñan esixidas pola necesidade de levar a cabo actuacións de prevención e intervencións na extinción de incendios, salvamento e protección civil ou de reparación de sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes. Estas horas serán de realización obrigatoria.

Tamén terán carácter obrigatorio aquelas horas que correspondan coa prolongación da quenda cando o final da xornada coincida cunha intervención en curso.

c. Horas estruturais. Serán de carácter voluntario, no caso de non ter resposta serán de carácter forzosa, cando deriven de ausencias imprevistas, ou outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da natureza da actividade de que se trate, dirixidas a cubrir a dotación mínima establecida por parque.

Así mesmo serán obrigatorias as horas de espera polo relevo entrante ante unha ausencia imprevista e unicamente cando sexa para cubrir a dotación mínima de persoal establecida.

3.- Establécese, por cada categoría profesional o seguinte valor unificado de hora extra: bombeiro-condutor 25,00 €, xefe de quenda/cabo 27,00 € e xefe de parque/sarxento 30,00 €.

Para a prestación da atención de emerxencias que precisen dunha prolongación da xornada mediante a realización de horas extraordinarias non estruturais ou de forza maior, ditas horas non serán fraccionables e aboaranse redondeándoas sempre por exceso, en tramos de media hora.

4.- Para as horas extraordinarias non estruturais ou de forza maior mobilizarase por un mínimo de 4 horas.

5.- Os xefes de parque/sarxentos, de terse que mobilizar a unha intervención o tempo empregado computaría como horas extraordinarias.

6. O cómputo das horas extraordinarias será desde a chegada ata a saída do parque de adscrición.



**Artigo 28.- Gratificacións extraordinarias por festivos especiais.**

Os/as traballador/ras que presten servizos na gardas dos días 24 e 31 de decembro percibirán un incentivo non consolidable de cen euros (100,00 €) por cada unha desas xornadas nas que efectivamente se preste servizos. Estas contías están suxeitas ao incremento de retribucións fixadas polo Estado.

**Artigo 29.- Complemento por incapacidade temporal.**

1.- En caso de incapacidade temporal dun/unha traballador/a, derivada tanto de continxencias profesionais (enfermidade profesional ou accidente laboral) como de continxencias comúns, e sempre que medie parte oficial de baixa médica, as prestacións a cargo da entidade xestora serán complementadas polo Consorcio ata o 100% das retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

2.- O tempo en situación de incapacidade temporal computárase en todo momento a efectos de antigüidade e garantirá, no seu caso, a actualización de trienios, así como de outros conceptos que afecten á base de cotización.

3.- A coincidencia da alta médica cunha xornada na que un traballador tivera asignada unha garda de 24 horas, non suporá a reincorporación de dito traballador a esa garda nin a ningunha fracción da mesma, debendo reincorporarse ao servizo na seguinte garda asignada.

**Artigo 30.- Compensacións por manutención, aloxamento e desprazamentos.**

En concepto de dietas o Consorcio aboará aos traballadores o importe que aplique o recollido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, coas correspondentes actualizacións. Entendendo que calquera gasto desta natureza dentro dunha garda ordinaria non ten cabida, quedando establecida para casos extraordinarios e excepcionais autorizados polo Consorcio.

**Artigo 31.- Anticipos.**

Os/ás traballadores/as afectados/as por este Convenio poderán solicitar anticipos de ata un límite máximo de 1.000 €, especificando o motivo da solicitude.

O reintegro dos anticipos efectuarase en tantas mensualidades como faga constar o traballador na súa solicitude, ata un límite máximo de 10 meses, por cantidade fixa e igual cada mes ou variable sempre que sexa de maior a menor.

Os anticipos solicitaranse mediante escrito cursado segundo o procedemento establecido, e terán como límite a dispoñibilidade de 7.000 € para todos os parques, establecido como límite orzamentario por este concepto. O que supón un máximo de 1.000 € por parque, ampliable se houbera mais parques.

Non poderá solicitarse outro anticipo ata transcorrido un prazo de tempo mínimo de 24 meses dende a concesión do anticipo anterior, por traballador.

A orde de preferencia para a súa concesión será o rigoroso orde de entrada da solicitude, no rexistro xeral do Consorcio.

Para a concesión de anticipos e cómputos de prazos de amortización teranse en conta as mensualidades que lle falten ao interesado para a súa xubilación forzosa, xa que aqueles non poderán superar o número destas; así como a tramitación de expedientes disciplinarios por faltas que poidan levar inherente a sanción de suspensión de emprego e soldo.

**CAPÍTULO VII. Mellora das condicións sociais****Artigo 32.- Melloras sociais.**

O Consorcio se destinará un importe de 1.000,00 euros anuais por cada parque de bombeiros para axudas sociais, que se distribuirán en atención aos criterios que se determinen polo Consorcio previa negociación co Comité de Empresa.

Esta contía anual será revisable ao finalizar cada ano en atención á taxa de absentismo de cada parque.

**CAPÍTULO VIII. Licenzas, permisos, suspensión e extinción do contrato****Artigo 33.- Permisos con dereito a retribución**

1.- En materia de permisos con dereito a retribución estarase ao disposto no artigo 37.3 do E.T., agás en materia en materia de permisos de nacemento, adopción, do proxenitor diferente da nai biolóxica e lactación, que estarase ao disposto na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).

A maiores concederase o permiso de días por asuntos particulares e por matrimonio de familiares.

2.- A persoa traballadora, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

1. Quince días naturais en caso de matrimonio ou rexistro de parella de feito.

Este período poderá acumularse ao período vacacional.

O goce deste permiso quedará supeditado á achega da correspondente documentación xustificativa que a continuación se reflicte, sen prexuízo da achega doutra documentación requirida e considerada necesaria polos órganos competentes para acreditar o feito causante:

- Fotocopia compulsada do libro de familia ou da inscrición rexistral correspondente.

2. Cinco días por accidente ou enfermidade graves (Anexo III e Real 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e o desenvolvemento no sistema da Seguridade Social da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, para as non previstas no ANEXO III), hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, incluído o familiar consanguíneo da parella de feito, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores, que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela.

O goce do permiso de cinco días hábiles, realizarase de maneira consecutiva e ininterrompida.

O goce deste permiso quedará supeditado á achega da correspondente documentación xustificativa que a continuación se reflicte, sen prexuízo da achega doutra documentación requirida e considerada necesaria polos órganos competentes para acreditar o feito causante:

- Documento xustificativo do accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do familiar.

- O grao de parentesco e a relación familiar acreditarase co libro ou libros de familia, ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

En todos os casos, computarase o día do feito causante unicamente cando a persoa non preste servizos ese día e correspondéselle prestalos.

Se durante o goce deste permiso sobrevén o falecemento do/da familiar, suspenderase o permiso que viña gozando e iniciarase o cómputo do permiso do apartado seguinte.

3. Dous días polo falecemento do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando con tal motivo a persoa traballadora necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo ampliarase en dous días.

Os cabos/ xefe de quenda e bombeiros, excepcionalmente, gozarán dunha quenda cando o traballador tivera que prestar servizos no día no que se xere o feito causante ou nos dous seguintes. Fora deste suposto aplicarase o establecido con carácter xeral, sen prexuízo da adaptación pola especificidade da súa xornada.

Nos casos de falecemento, os días en que se faga uso deste permiso deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao feito que xera o dereito a el.

O goce deste permiso quedará supeditado á achega da correspondente documentación xustificativa que a continuación se reflicte, sen prexuízo da achega doutra documentación requirida e considerada necesaria polos órganos competentes para acreditar o feito causante:

- Documento xustificativo do falecemento.

- O grao de parentesco e a relación familiar acreditarase co libro ou libros de familia, ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

4. Un día por traslado do domicilio habitual. Xustificarse mediante documento acreditativo de cambio efectivo de domicilio.

5. Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ao que esta dispoña en canto a duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do vinte por cento das horas laborables nun período de tres meses, poderá o consorcio pasar ao traballador afectado á situación de excedencia regulada no artigo 46.1. do E.T.

No caso de que o traballador, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe da mesma do salario a que tivese dereito no consorcio.

6. Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

7. Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e, nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais

previos á declaración de idoneidade, sempre, en todos os casos, que deban ter lugar dentro da xornada de traballo.

O goce deste permiso quedará supeditado á achega da correspondente documentación xustificativa que a continuación se reflicte, sen prexuízo da achega doutra documentación requirida e considerada necesaria polos órganos competentes para acreditar o feito causante:

– Documento xustificativo da realización de exames prenatais e das técnicas de preparación ao parto dentro da xornada laboral, e documento de asistencia.

8. Nos casos de parto, a nai traballadora ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.

A duración do permiso previsto neste artigo ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:

a) Discapacidade do fillo ou filla, dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.

b) Partos múltiples, dúas semanas máis para cada fillo para partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.

c) Partos prematuros e aqueles en os cales, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato atópese hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de goce deste permiso poderá levar a cabo, a vontade daqueles, de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra os doce meses. No caso do goce interrompido requirirase, para cada período de goce, un previo aviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

Nos casos de falecemento da nai, o exercicio do dereito ao permiso previsto neste artigo corresponderá ao outro proxenitor, descontándose, no seu caso, o período de duración do permiso consumido pola nai falecida.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, solicítese a reincorporación ao posto de traballo.

Do permiso previsto neste artigo pódese facer uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo permítano e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Durante o goce deste permiso, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio, poderase participar en cursos de formación que convoque a Administración.

A efectos do disposto neste artigo, o termo de nai inclúe tamén ás persoas transxestantes.

4. Enfermidade de Hodgkin.
5. Tumores do sistema nervioso central.
6. Retinoblastomas.
7. Tumores renais.
8. Tumores hepáticos.
9. Tumores óseos.
10. Sarcomas de tecidos brandos.
11. Tumores de células xerminais.
12. Outras neoplasias graves.

**II. Hematoloxía:**

13. Aplasia medular grave (constitucional ou adquirida).
14. Neutropenias constitucionais graves.
15. Hemoglobinopatías constitucionais graves.

**III. Erros innatos do metabolismo:**

16. Desordes de aminoácidos (fenilcetonuria, tirosinemia, enfermidade da orina con olor a xarope de arce, homocistinuria e outras desordes graves).
17. Desordes do ciclo da urea (OTC).
18. Desordes dos ácidos orgánicos.

19. Desordes de carbohidratos (glicogenose, galactosemia, intolerancia hereditaria á frutosa e outras desordes graves).

20. Alteracións glicosilación proteica.

21. Enfermidades lisosomiais (mucopolisacaridose, oligosacaridose, esfingolipidose e outras enfermidades graves).

22. Enfermidades dos peroxisomas (síndrome de Zellweger, condrodisplasia punctata, adenoleucodistrofia ligada a X, enfermidade de Refsum e outras desordes graves).

23. Enfermidades mitocondriais: por defecto de oxidación dos ácidos graxos e de transporte de carnitina, por alteración do DNA mitocondrial, por mutación do DNA nuclear.

IV. Alerxia e inmunoloxía:

24. Alerxias alimentarias graves sometidas a indución de tolerancia oral.

25. Asma bronquial grave.

26. Inmunodeficiencias primarias por defecto de produción de anticorpos.

27. Inmunodeficiencias primarias por defecto de linfocitos T.

28. Inmunodeficiencias por defecto de fagocitos.

29. Outras inmunodeficiencias:

a) Síndrome de Wiscott-Aldrich.

b) Defectos de reparación do DNA (ataxia-telangiectasia).

c) Síndrome de Di George.

d) Síndrome de HiperIgE.

e) Síndrome de IPEX.

f) Outras inmunodeficiencias ben definidas.

30. Síndromes de disregulación inmune e linfoproliferación.

V. Psiquiatría:

31. Trastornos da conduta alimentaria.

32. Trastorno de conduta grave.

33. Trastorno depresivo maior.

34. Trastorno psicótico.

35. Trastorno esquizoafectivo.

VI. Neuroloxía:

36. Malformacións conxénitas do sistema nervioso central.

37. Traumatismo cranioencefálico severo.

38. Lesión medular severa.

39. Epilepsias:

a) Síndrome de West.

b) Síndrome de Dravet.

c) Síndrome de Lennox-Gastaut.

d) Epilepsia secundaria a malformación ou lesión cerebral.

e) Síndrome de Rasmussen.

f) Encefalopatías epilépticas.

g) Epilepsia secundaria a enfermidades metabólicas.

h) Outras epilepsias ben definidas.

40. Enfermidades autoinmunes:

a) Esclerose múltiple.

b) Encefalomielite aguda diseminada.

- c) Guillain-Barré.
- d) Polineuropatía crónica desmielinizante.
- e) Encefalite límbica.
- f) Outras enfermidades autoinmunes ben definidas.
- 41. Enfermidades neuromusculares:
  - a) Atrofia muscular espinal infantil.
  - b) Enfermidade de Duchenne.
  - c) Outras enfermidades neuromusculares ben definidas.
- 42. Infeccións e parasitoses do sistema nervioso central (meninxite, encefalite, parasitos e outras infeccións).
- 43. Accidente cerebrovascular.
- 44. Parálise cerebral infantil.
- 45. Narcolepsia-cataplexia.
- VII. Cardioloxía:
  - 46. Cardiopatías conxénitas con disfunción ventricular.
  - 47. Cardiopatías conxénitas con hipertensión pulmonar.
  - 48. Outras cardiopatías conxénitas graves.
  - 49. Miocardiopatías con disfunción ventricular ou arritmias graves.
  - 50. Cardiopatías con disfunción cardíaca e clase funcional III-IV.
  - 51. Transplante cardíaco.
- VIII. Aparello respiratorio:
  - 52. Fibrose quística.
  - 53. Pneumopatías intersticiais.
  - 54. Displasia broncopulmonar.
  - 55. Hipertensión pulmonar.
  - 56. Bronquiectasias.
  - 57. Enfermidades respiratorias de orixe inmunolóxica:
    - a) Proteinose alveolar.
    - b) Hemosiderose pulmonar.
    - c) Sarcoidose.
    - d) Colaxenopatías.
  - 58. Transplante de pulmón.
  - 59. Outras enfermidades respiratorias graves.
- IX. Aparello dixestivo:
  - 60. Resección intestinal ampla.
  - 61. Síndrome de dismotilidade intestinal grave (pseudo-obstrución intestinal).
  - 62. Diarreas conxénitas graves.
  - 63. Transplante intestinal.
  - 64. Hepatopatía grave.
  - 65. Transplante hepático.
  - 66. Outras enfermidades graves do aparello dixestivo.
- X. Nefroloxía:
  - 67. Enfermidade renal crónica terminal en tratamento substitutivo.
  - 68. Transplante renal.

69. Enfermidade renal crónica no primeiro ano de vida.
  70. Síndrome nefrótica do primeiro ano de vida.
  71. Síndrome nefrótica corticorresistente e corticodependente.
  72. Tubulopatías de evolución grave.
  73. Síndrome de Bartter.
  74. Cistinose.
  75. Acidose tubular renal.
  76. Enfermidade de Dent.
  77. Síndrome de Lowe.
  78. Hipomagnesemia con hiper calciuria e nefrocalcinose.
  79. Malformacións nefrourolóxicas complexas.
  80. Síndromes polimalformativas con afectación renal.
  81. Vexiga neuróxena.
  82. Defectos conxénitos do tubo neural.
  83. Outras enfermidades nefrourolóxicas graves.
- XI. Reumatoloxía:
84. Artrite idiopática xuvenil (AIX).
  85. Lupus eritematoso sistémico.
  86. Dermatomiosite xuvenil.
  87. Enfermidade mixta do tecido conectivo.
  88. Esclerodermia sistémica.
  89. Enfermidades autoinflamatorias (febre mediterránea familiar, amiloidose e outras enfermidades autoinflamatorias graves).
  90. Outras enfermidades reumatolóxicas graves.
- XII. Cirurxía:
91. Cirurxía de cabeza e pescozo: hidrocefalia/válvulas de derivación, mielomeningocele, cranioestenose, labio e padal fendido, reconstrución de deformidades craniofaciais complexas, etc.
  92. Cirurxía do tórax: deformidades torácicas, hernia diafragmática conxénita, malformacións pulmonares, etc.
  93. Cirurxía do aparello dixestivo: atresia esofáxica, cirurxía antirrefluxo, defectos de parede abdominal, malformacións intestinais (atresia, vólculo, duplicacións), obstrución intestinal, enterocolite necrotizante, cirurxía da enfermidade inflamatoria intestinal, fallo intestinal, Hirschprung, malformacións anorrectais, atresia vías biliares, hipertensión portal, etc.
  94. Cirurxía nefro-urolóxica: malformacións renais e de vías urinarias.
  95. Cirurxía do politraumatizado.
  96. Cirurxía das queimaduras graves.
  97. Cirurxía dos xemelgos siameses.
  98. Cirurxía ortopédica: cirurxía das displasias esqueléticas, escoliose, displasia do desenvolvemento da cadeira, cirurxía da parálise cerebral, enfermidades neuromusculares e espiña bífida, infeccións esqueléticas e outras cirurxías ortopédicas complexas.
  99. Cirurxía doutros transplantes: válvulas cardíacas, transplantes óseos, transplantes múltiples de diferentes aparatos, etc.
- XIII. Coidados paliativos:
100. Coidados paliativos en calquera paciente na fase final da súa enfermidade.
- XIV. Neonatoloxía:
101. Grandes prematuros, nacidos antes das 32 semanas de xestación ou cun peso inferior a 1.500 gramos e prematuros que requiran ingresos prolongados por complicacións secundarias á prematuridade.



## XV. Enfermidades infecciosas:

- 102. Infección por VIH.
- 103. Tuberculose.
- 104. Pneumonías complicadas.
- 105. Osteomielite e artrite sépticas.
- 106. Endocardite.
- 107. Pielonefrites complicadas.
- 108. Sepses.

## XVI. Endocrinoloxía:

- 109. Diabetes mellitus tipo I.

**ANEXO IV. Equipamento mínimo de vestiario e Equipos de protección individual (EPI)****Táboa 1- Roupa de traballo e parque**

ROUPA DE TRABALLO E PARQUE	Nº PRENDAS	RENOVACIÓN
Chaqueta de traballo	2	Avaría, desgaste
Pantalóns	2	Avaría, desgaste
Camisetas de verán	2	Avaría, desgaste
Camisetas de inverno	2	Avaría, desgaste
Chaqueta cortaventos	1	Avaría, desgaste
Cazadora ( polar)	1	Avaría, desgaste
Sudadeira	2	Avaría, desgaste
Braga tubular	2	Avaría, desgaste
Cinto	1	Avaría, desgaste
Calcetíns	3	Avaría, desgaste
Bolsa transporte, serigrafiada	1	Avaría, desgaste
Toallas	2	Avaría, desgaste
Almofada	1	Avaría, desgaste
Saco de durmir	1	Avaría, desgaste
Funda de almofada	1	Avaría, desgaste
Saba baixeira	1	Avaría, desgaste

**Táboa 2-Equipos de protección**

EQUIPOS PROTECCIÓN PERSOAL E VESTIARIO INTERV.	Nº PRENDAS	RENOVACIÓN
Botas de intervención	2	Avaría, desgaste
Botas forestais	1	Avaría, desgaste
Calzado para parque	1	Avaría, desgaste
Chaquetón incendios estruturais	2	Avaría, desgaste
Cubrepañalón incendios estruturais	2	Avaría, desgaste

EQUIPOS PROTECCIÓN PERSOAL E VESTIARIO INTERV.	Nº PRENDAS	RENOVACIÓN
Traxe de rescate técnico	1	Avaría, desgaste
Roupa interior ignífuga	2	Avaría, desgaste
Casco incendios estruturais	1	Avaría, desgaste
Casco rescate	1	Avaría, desgaste
Sotocasco (verdugo)	2	Avaría, desgaste
Luvas ignífugas	2	Avaría, desgaste
Luvas de excarceración	2	Avaría, desgaste
Luvas de traballo	2	Avaría, desgaste
Luvas de rescate	2	Avaría, desgaste
Arnés seguridade	1	Avaría, desgaste
Traxe intemperie ( augas)	1	Avaría, desgaste
Mascara ERA	1	Avaría, desgaste
Bolsa para traslado EPIs	1	Avaría, desgaste
Navalla de rescate	1	Avaría, desgaste

**Táboa 3 - Roupa deportiva**

ROUPA DEPORTIVA	Nº PRENDAS	RENOVACIÓN
Chándal	1	Avaría, desgaste
Bolsa de deporte	1	Avaría, desgaste
Pantalón curto / mallas	1	Avaría, desgaste
Camisetas curtas	2	Avaría, desgaste

*\*NOTA. Cada Consorcio ira homoxeneizando o equipamento dispoñible segundo as necesidades ocasionadas pola avaría ou desgaste e paulatinamente incorporarase o equipamento non existente nas dotacións actuais. O equipamento deteriorada, obxecto de reposición deberá ser entregada no correspondente parque.*

En proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento, en Lugo, a 21 de xaneiro de 2025

**Polas Administracións responsable do Consorcio Provincial**

Don José Tome Roca, Deputación de Lugo

Don Santiago Villanueva Álvarez, Xunta de Galicia

**Polas organizacións sindicais, con capacidade e ostentando a debida representación:**

Don Álvaro Negreira Fernández, UGT

Don José Antonio Armesto Lopez, UGT

Don José Francisco Parente Martinez, UGT

Don Lucas Ares Iglesias, CCOO

Don Francisco Manuel Domínguez Pena, CCOO

Don Héctor Fernández Fernández, CSIF

Don Juan Vila Mayor, polo sindicato CSIF

Don Daniel García Souto, polo sindicato CIG

Don Manuel Ventín Pereira, polo sindicato SIBGAL

## CONCELLOS

### BURELA

#### Anuncio

EXPT. 1700/2024.- ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO (RPT)

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Burela de 1 de agosto de 2024 a modificación puntal da Relación de Postos de Traballo do Concello de Burela, o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de vinte días, mediante anuncio publicado no BOP de Lugo número 197 de 26 de agosto de 2024. Ao non presentárense reclamacións, suxestións ou alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da modificación puntal da Relación de Postos de Traballo do Concello de Burela (RPT) cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia:

“PRIMEIRO.- Proceder á aprobación inicial da modificación puntal da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Burela, coa coa finalidade de adecuar a mesma nos seguintes termos:

- Incorporar unha nova descrición funcional do posto de Administrativo/a que figura na RPT co código 1004, consonte o indicado no Anexo I

E que a aprobación inicial desta modificación sexa sometida a información pública por prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio inserido BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, durante o que os interesados poderán presentar reclamacións, alegacións ou suxestións; que de non existir nin presentarse durante o dito trámite de información pública, implicará que a aprobación inicial quede automaticamente elevada a definitiva. En caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva, por parte do Pleno, logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. E unha vez aprobada definitivamente, será obxecto de publicación no BOP, así como de remisión, dentro do prazo máximo de trinta días, aos órganos competentes da Administración do Estado e da Administración Autonómica.

[...]

POSTO: Administrativo/a, código 1004

FUNCÍONS DO POSTO:

- Asumir, de forma preferente e ordinaria, a realización das tarefas administrativas propias da subescala administrativa de administración xeral (consonte o disposto pola na normativa de réxime local) e inherentes ás responsabilidades, actuacións, funcións e procedementos/expedientes que, con arranxo ao legalmente disposto así como ao previsto na RPT, lle corresponda exercer/tramitar ao Concello en materia de censo, padrón e estatísticas municipais (e relacionadas); e todo isto baixo as directrices da Secretaría e/ou restante persoal/órganos municipais con responsabilidades administrativas/legais ao respecto
- Asumir, con carácter supletorio, segundo necesidades e baixo as directrices da Secretaría e/ou restante persoal técnico competente, a realización daquelas tarefas propias da súa escala e subescala e inherentes á xestión de nóminas, así como ao apoio puntual respecto dos restantes expediente/procedementos a tramitar polo Servizo/Departamento de adscrición.
- Asumir, cando así sexa necesario/requirido, e con carácter inherente ao efectivo desenvolvemento das funcións atribuídas, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público
- Asumir, en relación coas funcións atribuídas e ao abeiro da súa capacitación profesional e/ou legal, e cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda, a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación
- Asumir a clasificación e arquivo material, e interno, dos documentos e expedientes derivados da actividade inherente ao desenvolvemento das funcións atribuídas, sen prexuízo da responsabilidade legal/formal do servizo/posto con competencias ao respecto e da súa correspondente remisión, no prazo e forma estipulados, ao arquivo municipal.
- Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes ao posto, co alcance determinado pola normativa vixente e a propia RPT, e cando as necesidades de servizo así o requiran.

Burela, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde en funcións, Mario Pillado Mon.

R. 0320

*Anuncio*

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterà como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por vacacións dende o 03 de febreiro de 2025 ata o 05 de febreiro de 2025, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no Primeiro Tenente de Alcaldesa, Mario Pillado Mon, dende o 03 de febreiro de 2025 ata o 05 de febreiro de 2025, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada.

**SEGUNDO.-** Da presente resolución darase traslado ao Primeiro Tenente de Alcaldesa e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**TERCEIRO.-** Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Burela, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde en funcións, Mario Pillado Mon.

R. 0321

**GUITIRIZ***Anuncio***APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS TALLERES CULTURAI. CURSO DE CESTERIA.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 15 de xaneiro de 2025 acordou a fixación do prezo público do curso de cestería, coa tarifa de público de 25 euros/ mes.

Guitiriz, 27 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0327

**LUGO***Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o acordo 10/40 DECLARAR DESERTO O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE INTELECTUAL, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Axudante/a cociña-limpeza incurso no suposto da Disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade intelectual.

SEGUNDO.- Darlles traslado aos/ás interesados/as coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa, e contra el poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 4 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa-Presidenta, Excma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0328

### Anuncio

**2/2 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DO CONCELLO DE LUGO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. **INFORME PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN**S, do 15 de xaneiro de 2025, conformado polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, do seguinte teor literal:

#### Antecedentes de Feito

Proposta da Asociación de Profesional de Trabaxadores Autónomos de Auto Taxi y Gran Turismo de la Provincia de modificación de tarifas de taxi para o ano 2025 conforme o estudo económico que consta no expediente, do seguinte teor:

#### TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,05 €
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

\*1.700 m ou tempo equivalente

#### TARIFA 2: Sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira	4,40 €
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95 €

\*1.700 m ou tempo equivalente

#### TARIFA 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,95 €
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

\* 1.700 m ou tempo equivalente

#### SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

\*Primeira maleta/bulto gratuíto- Máximo 2 suplementos.

A Asociación proponente da modificación descrita baséase en parámetros obtidos dos datos que manexa o propio sector como son o tipo de servizos prestados e kilómetros percorridos. Propoñen modificacións en canto ó axuste do horario tarifa diurna/tarifa nocturna mantendo o importe da baixada de bandeira co establecemento de 1.700 metros ou tempo equivalente e a eliminación dos suplementos por saída de estación.

O estudo que se achega pola Asociación de Taxis utilizado para o cálculo da reestructuración das tarifas ten en conta gastos de persoal (cálculo de salario anual e titular asalariado e costes de seguridade social) gastos de explotación (IVTM, seguros, cuota de Radiotaxi, ITV...), e datos estatísticos (estimación de kilómetros anuais a percorrer, en vacío, en servizo, horas traballadas, número de servizos anuais e outros), gastos do vehículo e estimación de ingresos a percibir coa proposta de modificación.

Para o establecemento das tarifas haberanse de ter en conta varios condicionantes técnicos como son:

1.- As cantidades que marque o contador deben ser múltiplos de 0,05 €, por ser este o valor de paso, é dicir, os saltos do taxímetro deben ter unha resolución de 5 céntimos de euro, e este é un requisito do aparato taxímetro segundo o anexo XI do RD 889/2006, de 21 de xullo polo que se regula o control metereolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida. Polo tanto a tarifa “baixada de bandeira” ha de seguir ese criterio.

2.- Os suplementos han de conservar a actual simplificación e adoptar o criterio de valores redondeados coa fin de facilitar a suma á cantidade marcada no taxímetro.

3.- Evolución do IPC.

4.- Mellora na calidade do servizo e o custe que ten para os titulares das licenzas.

5.- Ofrecer ós consumidores un prezo equilibrado.

Tendo en conta o anterior e considerando a proposta presentada, cabe sinalar o seguinte:

**- Tarifa 1: Días laborais de 06:00 a 22:00 horas.**

A tarifa de baixada de bandeira supón un incremento do 17,3% respecto das tarifas vixentes tendo en conta que se correspondería co percorrido dunha distancia de 1.700 metros. Pásase de 3,75 a 4,40 €.

Kilómetro percorrido: supón un incremento dun 6,7% sobre a tarifa vixente pasando de 1,03 a 1,10 €.

Hora de espera: Producese unha modificación respecto ás vixentes, pasando de 19,71 a 16,80€, producíndose una rebaixa dun 14,76%.

**- Tarifa 2: Sábados, domingos, festivos, días laborais durante a festa de San Froilán de 06:00 a 22:00 horas.**

Baixada de bandeira: supón un incremento do 4.7% respecto das vixentes pasando de 4,20€ a 4,40€. Mantense a inclusión da distancia de 1.700 metros de percorrido ou tempo equivalente.

Kilómetro percorrido: A tarifa proposta incrementase nun 12,14% respecto das actuais pasando de 1,07 a 1,20€.

Hora de espera: Se incrementa pasando de 19,71 a 19,95€ respecto ás vixentes, polo que se incrementa nun 1.2%.

**- Tarifa 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24:00 horas)**

Baixada de bandeira: Incrementase nun 3.1% respecto das vixentes pasando de 4,80 a 4,95€.

Kilómetro percorrido: Pasa de 1,39 a 1,45€ o que supón un incremento dun 4.3%. Mantense a inclusión da distancia de 1.700 metros de percorrido ou tempo equivalente

Hora de espera: Redúcese de 26,98 a 25,00 € o que supón unha rebaixa dun 7.3%.

Suplementos (equipaxe-maleta ou bulto): Propónse unha tarifa de 0,60€ con gratuidade para a primeira maleta ou bulto con un máximo de 2 suplementos, supoñendo un incremento dun 9%.

**Normativa de aplicación:**

- **Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turismo de Galicia**, modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais, administrativas que regula o réxime económico do servizo de taxi.

Art: 40. 1: “A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que deberán garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización, e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.”

Art: 40.4: “As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou no seu caso polas entidades competentes das áreas de prestación conxunta. Estas tarifas serán de aplicación aos servizos

*interurbanos, no tramo que discorra polo termo municipal de orixe do transporte. Fóra deste, aplicaranse as tarifas interurbanas que serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia. Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, para solicitar as condicións que estime pertinentes. En todo caso, a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos."*

- Lei 7/1996, do 7 de xuño, de Medidas urxentes de carácter fiscal e fomento e liberalización da actividade económica (disposición final, Anexo II)

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Decreto 230/2020, do 23 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.

- Decreto 106/1984, do 24 de maio, polo que se modifica e regula a composición e funcións da Comisións de Prezos de Galicia.

**En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopten os seguintes acordos:**

PRIMEIRO: Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

**TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas**

Baixada de bandeira	4,05 €
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.**

\*1.700 m ou tempo equivalente

Baixada de bandeira	4,40 €
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95 €

**TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)**

Baixada de bandeira	4,95 €
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

\* 1.700 m ou tempo equivalente

**SUPLEMENTOS**

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

\*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto. Máximo 2 suplementos.

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2025, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO: De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á

aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi.”

2. **DITAME FAVORABLE** da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 27 de xaneiro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

**TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas**

Baixada de bandeira	4,05 €
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.**

Baixada de bandeira	4,40 €
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95 €

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)**

Baixada de bandeira	4,95 €
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

\* 1.700 m ou tempo equivalente

**SUPLEMENTOS**

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

\*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto. Máximo 2 suplementos.

SEGUNDO.- A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2025, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO.- Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO.- De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi.



Lugo, 31 de xaneiro de 2025.- A Secretaria, María Rivas García.

R. 0329

## POL

### Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 3 de febreiro de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2025, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0330

## TABOADA

### Anuncio

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS” CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DO 2024.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo “Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade” e de “Sumidoiros” correspondentes ao **1º trimestre do 2024**, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data **3 de febreiro de 2025**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 1º trimestre de 2024 dende o día **10 de febreiro ao 10 de abril de 2025** ambos os dous incluídos.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de présa pola consellería competente en materia de facenda da Xunta

de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Taboada, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0323

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 2º SEMESTRE DE 2024.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **2º semestre** do exercicio **2024** foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 30.12.2024**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **10 DE FEBREIRO AO 10 DE ABRIL DE 2024**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0324

### **TRABADA**

#### *Anuncio*

#### **INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 5º BIMESTRE DE 2024**

Por Resolucións da Alcaldía núm. 2025-0002 e 2025-0003 do 08 de xaneiro de 2025, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 5º bimestre de 2024, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interponer o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 20 de xaneiro de 2025 ata ó 20 de marzo de 2025.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 9 de xaneiro de 2025.- O Sr. Alcalde, Rubén García Freije.

R. 0331